



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ANUNCIO

CONCELLO DE BETANZOS

BASES E CONVOCATORIA PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE UNHA (1) PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO, GRUPO A2, DE TÉCNICO/A DE IGUALDADE, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE BETANZOS DO ANO 2024
EXPEDIENTES: 2025/E001/000005

Mediante Decreto da Alcaldía núm. 1481/2025 do 12/08/25 aprobaronse as Bases reguladoras da convocatoria para a cobertura en propiedade de unha (1) praza de persoal funcionario, grupo A2 de Técnico/a de Igualdade, incluída na oferta de emprego pública do Concello de Betanzos do ano 2024, e proceder a súa convocatoria

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A COBERTURA EN PROPIEDAD DE UNHA (1) PRAZA DE PERSOAL FUNCIONARIO, GRUPO A2, DE TÉCNICO/A DE IGUALDADE, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE BETANZOS DO ANO 2024

1ª. OBXECTO DAS BASES XERAIS

É obxecto das presentes bases, a regulación do proceso selectivo do persoal, así como da convocatoria respectiva, para o ingreso en categorías profesionais de persoal funcionario, mediante o procedemento selectivo de concurso-oposición, para a cobertura en propiedade da praza abaixo relacionada, incluída na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2024, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 22 de data 03/02/2025.

Denominación	Grupo	CD	Escala	Subescala	N.º de prazas vacantes	Xornada
Técnico/a de igualdade	A2	24	Admón. especial	Técnica	1	100%

2ª.- SISTEMA DE SELECCIÓN.

Establécese como sistema de selección o de concurso-oposición libre garantindo os principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.

3ª. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.

As persoas que desexen participar no presente proceso selectivo deberán contar cos seguintes requisitos:

a) Ser español ou nacional dun Estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles Estados aos que en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente, ademais, consonte co disposto pola Lei 17/1993, do 23 de decembro; así como no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico del Empregado Público, tamén poderán acceder á praza os estranxeiros que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión de título de universitario de grao ou equivalente no ámbito social, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

d) Non padecer enfermidade nin defecto físico que lle incapacite para o desempeño das correspondentes funcións.

e) Non atoparse separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas e dos órganos constitucionais ou estatutarios das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desenvolvesen no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Contar coa capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais da praza á que aspira, sen que se padeza enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.

g) Estar en posesión do Carné de Conducir B ou equivalente, ou en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias.

h) Estar en posesión de certificado/s que acrediten un mínimo de 2000 horas de formación especializada en materia de igualdade e violencia de xénero na data de remate do prazo de presentación de instancias.

4ª.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

As persoas que desexen tomar parte do procedemento selectivo desta praza presentarán a solicitude no modelo oficial, que figura no Anexo I a estas bases. Para ser admitidas nas probas selectivas correspondentes, os/as aspirantes deberán manifestar nas súa solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data que remate o prazo de presentación.

Coa instancia, ademais, entregárase:

- Declaración responsable de non estar incurso en causa de incompatibilidade para o posto ou ter sido separado do servizo (anexo III)
- Autobaremo dos méritos (anexo IV).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

- Documentación acreditativa dos méritos alegados na fase de concurso, conforme a base sétima.
- Xustificante do pago da taxa por dereitos de exame, de acordo coa ORDENANZA FISCAL Nº 2.- REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN E TRAMITACIÓN DE DOCUMENTOS e que ascende á cantidade de 17,27 €. Estas taxas deberán abonarse mediante autoliquidación realizada na Oficina Virtual Tributaria do Concello de Betanzos (<https://ovtbetanzos.dacoruna.gal/>).

As solicitudes dirixíranse a alcaldesa-Presidenta da Corporación Municipal, e presentaranse preferiblemente por medios electrónicos na sede electrónica do Concello de Betanzos, no prazo de VINTE (20) días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no BOE. Tamén, se poderá presentar en calquera das formas determinadas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As persoas con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria, conforme ao previsto na Orde PRE/1822/2006, de 9 de xuño, pola que se establecen criterios xenerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade. As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que consten na súa solicitude aínda que os erros de feito que se poidan advertir poderán emendarse ou repararse en calquera momento, de oficio ou a instancia de parte.

5ª.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Sra. Alcaldesa-Presidenta, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, e publicarase no BOP de A Coruña, no Taboleiro de anuncios do Concello e no da Sede Electrónica do Concello de Betanzos, <https://sede.betanzos.gal>.

Se houbera aspirantes excluídos, indicárase a causa de exclusión, concedéndose un prazo de DEZ (10) días para os efectos da presentación de reclamacións. As reclamacións, se as houbera, resolveranse na resolución que aprobe a lista definitiva, a cal se publicará do mesmo xeito que a provisional.

Nesta resolución definitiva figurará a composición do tribunal e a data do comezo do procedemento selectivo. Posteriormente a alcaldesa declarará aprobada a relación definitiva de admitidos e excluídos, publicarase no BOP de A Coruña, no Taboleiro de anuncios do Concello e no da Sede Electrónica do Concello de Betanzos <https://sede.betanzos.gal>.

Entre a publicación desta listaxe definitiva e a data de celebración do primeiro exame transcorrerán alomenos DEZ (10) días.

Os sucesivos anuncios, agás disposición en contrario, publicaranse no Taboleiro de anuncios do Concello e no da Sede Electrónica <https://sede.betanzos.gal>.

6ª.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O tribunal cualificador das probas selectivas estará formado por cinco membros: un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais e quedará integrado polas persoas que



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

designe a Alcaldesa, publicándose a súa composición coa lista definitiva das persoas admitidas e excluídas ao presente proceso selectivo.

O tribunal quedará integrado, ademais, polos respectivos suplentes que serán designados xunto cos titulares.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse en representación nin por conta de ningún.

A composición dos tribunais será predominantemente técnica e os seus membros en todo caso pertencerán a corpos de igual ou superior grupo ao do corpo ao que optan os aspirantes. Non poderá formar parte do tribunal cualificador o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual e aquelas persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou tivesen colaborado durante ese período con centros de preparación de opositores.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designou, cando concorran neles circunstancias das previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte ao disposto no artigo 13.2º do Real decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado.

Así mesmo, as persoas interesadas poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico do sector público e do procedemento administrativo común.

A solicitude de recusación poderase presentar de xeito electrónico a través do rexistro electrónico do Concello de Betanzos.

Todos os membros do tribunal terán voz e voto. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia do/a presidente/a e do secretario/a ou, no seu caso, quen lles substitúan, e da metade, canto menos, dos seus membros.

O tribunal, por medio do seu presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas coas labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

O tribunal queda autorizado para resolver cantas dúbidas poidan exporse e para adoptar os acordos que garantan a boa orde da convocatoria, en todo o non previsto polas presentes bases e normativa aplicable.

Os acordos do tribunal só poderán ser impugnados polos/as interesados/as nos supostos e na forma establecida na lexislación vixente reguladora do réxime xurídico sector público e do procedemento administrativo común a través do recurso de alzada ante a concellería competente en materia de persoal, de acordo co precisado no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O recurso de alzada poderá presentarse electronicamente a través do rexistro electrónico do Concello de Betanzos. Alternativamente poderase presentar en soporte papel na Oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Betanzos, ou en calquera das formas



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

establecidas no art. 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

As resolucións do tribunal cualificador vinculan á Administración, sen prexuízo de que esta, no seu caso, poida proceder á súa revisión, conforme ao previsto na lexislación vixente reguladora do procedemento administrativo común e do réxime xurídico do sector público.

Contra as resolucións e actos do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderá interperse recurso ante a autoridade que nomee ao seu presidente.

Aos membros ou asesores do tribunal que concorran ás súas sesións, aboaránselles indemnizacións por asistencia e, cando cumpra, por dietas e gastos de viaxe, nas contías establecidas na lexislación vixente en cada momento. As indemnizacións dos asesores, salvo disposición en contrario, serán as establecidas para os vogais.

O tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos/as aspirantes con discapacidade, de forma que se garanta a igualdade de oportunidades coas demais persoas participantes, nos termos establecidos na normativa vixente.

A data, a hora e o lugar na que deba constituírse cada tribunal, así como o día, hora e lugar para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas e, de ser o caso, para a cualificación dos méritos alegados, anterior á fase de oposición, anunciarase no BOP, no taboleiro de edictos da corporación e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Betanzos <https://sede.betanzos.gal>, xunto coa resolución aprobatoria da lista definitiva das persoas admitidas e excluídas segundo se sinala nas presentes bases.

A publicación dos sucesivos anuncios de realización dos restantes exercicios e dos resultados destes efectuarase polo tribunal no taboleiro de edictos da corporación con 24 horas de antelación cando menos a tal realización. Así mesmo, publicarase, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Betanzos <https://sede.betanzos.gal>.

Os/as aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único; perderán o seu dereito os/as opositores/as que non comparezan cando se realice.

Os/as aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, así como dos medios materiais axeitados e necesarios para a práctica dos exercicios.

O Tribunal será considerado de categoría primeira consorte o establecido no artigo 30 RD 462/2002, de 24 de maio.

7ª.- NORMAS XERAIS DE DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

Como normas xerais no desenvolvemento do proceso selectivo, establécense as seguintes:

a. As persoas aspirantes convocaranse para cada exercicio en chamamento único, agás casos de forza maior, debidamente acreditados e apreciados discrecionalmente polo Tribunal. O prazo mínimo entre un exercicio e o seguinte será de 48 horas, agás naqueles casos que o Tribunal, co consenso de todos os/as aspirantes, considere conveniente a realización de varios exercicios nunha mesma xornada, ou nun prazo inferior ao anteriormente establecido, concedéndolles ás persoas aspirantes un descanso mínimo de 30 minutos.

b. Para determinar a orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan realizarse conxuntamente, actuarase por orde alfabética, A orde de actuación dos/as



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

opositores/as iniciárase alfabeticamente pola/o primeira/o da letra “V” de conformidade co establecido na Resolución da Consellería de Facenda do 23 de xaneiro (DOG núm. 18, de 26 de xaneiro de 2023) pola que se publica o resultado do sorteo realizado ao que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

c. O Tribunal poderá requirirlos aos/as aspirantes, en calquera momento da práctica de calquera exercicio ou proba, co obxecto de que acrediten a súa identidade, para o que deberán estar provistos do DNI ou documentación identificativa análoga (carné de conducir ou pasaporte). Pese a que na realización das probas, se velará polo anonimato dos aspirantes, sempre que o Tribunal así o estime pertinente pola lóxica do desenvolvemento do proceso selectivo, os/as aspirantes serán chamados, en chamamento único, pola/o secretaria/o actuante do Tribunal debendo identificarse nese momento unicamente ante este membro do Tribunal, coa mesma acreditación identificativa que a mencionada enriba.

Se durante o desenvolvemento do proceso selectivo chegase a coñecemento do Tribunal que algunha das persoas aspirantes carece de calquera dos requisitos esixidos na convocatoria, excluirase desta previa audiencia do/a interesado/a, comunicándollo no mesmo día á autoridade que convocou o proceso selectivo.

O procedemento de selección, concurso-oposición, constará de dúas fases:

PRIMEIRA FASE: CONCURSO

A puntuación máxima desta fase é de **40 puntos**, debendo en calquera caso, respectarse os máximos establecido en cada un dos epígrafes do baremo.

A puntuación acadada nesta fase por cada unha das persoas aspirantes farase pública no Taboleiro de edictos do Concello de Betanzos e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello de Betanzos. A puntuación acadada por cada aspirante na Fase de Concurso de Méritos engadirase posteriormente á puntuación acadada na Fase de Oposición, dando lugar á cualificación final obtida no proceso selectivo, e consecuentemente, á orde de prelación das cualificacións finais das persoas aspirantes.

A fase de concurso de méritos rexerase segundo o seguinte baremo:

MÉRITOS ACADÉMICOS (máximo 15 puntos):

- Por posuír titulación universitaria superior á de grao nun ámbito relacionado coa praza da convocatoria:
 - Mestrado: 0,50 puntos.
 - Doutoramento: 1 punto.
- Por formación relacionada coas áreas de igualdade e violencia machista, organizada por unha Administración pública, unha Universidade ou unha entidade formativa debidamente acreditada e homologada: 0,20 puntos por cada 10 horas de formación acreditada.
- Por formación relacionada con outras áreas dos servizos sociais (menores, maiores, inmigración...) organizada por unha Administración pública, unha Universidade ou unha



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

entidade formativa debidamente acreditada e homologada: 0,10 puntos por cada 10 horas de formación acreditada.

- Por formación relacionada coa administración pública organizada por unha Administración pública, unha Universidade ou unha entidade formativa debidamente acreditada e homologada: 0,05 puntos por cada 10 horas de formación acreditada.
- Por estar en posesión do Curso de Linguaxe Administrativa Galega:
 - Nivel Medio: 0,50 puntos.
 - Nivel Superior: 1 punto.
- Por estar en posesión da Certificación galega en competencias dixitais: 1 punto.

Non se valorarán os cursos de menos de 20 horas de duración, nin aqueles nos que non se acrediten as horas de duración. Tampouco se valorarán os diplomas relativos a xornadas, seminarios, simposios e similares.

As cualificacións outorgadas nos epígrafes anteriores son excluíntes, de xeito que unha mesma formación só poderá ser valorada nun epígrafe.

Non serán obxecto de valoración os méritos académicos presentados como requisito de participación no proceso selectivo.

Os méritos académicos xustificaranse mediante certificacións oficiais emitidos polas institucións organizadoras da titulación ou formación.

MÉRITOS PROFESIONAIS (máximo 25 puntos):

- Por desempeño profesional como Técnica/o de Igualdade ou posto equivalente de iguais ou similares funcións, na Administración local: 0,30 puntos por cada mes de servizo acumulado. Non se terán en conta fraccións, só meses completos.
- Por desempeño profesional como Técnica/o de Igualdade ou posto equivalente de iguais ou similares funcións, nunha Administración distinta da local: 0,10 puntos por cada mes de servizo acumulado. Non se terán en conta fraccións, só meses completos.
- Por desempeño profesional como Técnica/o de Igualdade ou posto equivalente de iguais ou similares funcións, no sector privado: 0,05 puntos por cada mes de servizo acumulado. Non se terán en conta fraccións, só meses completos.

As cualificacións outorgadas nos epígrafes anteriores son excluíntes, de xeito que unha mesma acreditación só poderá ser valorada nun epígrafe.

Os méritos profesionais xustificaranse mediante certificación de servizos prestados, realizada pola Administración onde se prestasen os servizos, contrato de traballo e informe orixinal da vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

SEGUNDA FASE: OPOSICIÓN

A puntuación máxima desta fase é de **60 puntos**. Estará constituída por tres exercicios , cada un deles eliminatorio. Os resultados de cada exercicio serán publicados no Taboleiro de anuncios do Concello de Betanzos e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

de Betanzos. Concederáse ás persoas aspirantes un prazo de DOUS (2) días naturais, dende o día da súa publicación, para presentar as alegacións que consideren oportunas.

O prazo mínimo entre un exercicio e o seguinte será de 24 horas.

Os exercicios consistirán nas seguintes probas:

1º EXERCICIO:

Consistirá na resolución por escrito, nun tempo máximo de UNHA (1) hora, dun cuestionario de 50 preguntas, sobre as materias do temario que figura no Anexo II desta convocatoria. Engadiranse 5 preguntas de reserva.

No caso de que deba anularse algunha pregunta por existir algún error na mesma, será substituída pola que corresponda da lista de reserva, seguindo unha orde correlativa.

Para a realización deste exercicio as persoas aspirantes non poderán utilizar documento ningún de consulta nin outros medios dixitais ou telemáticos.

A cualificación máxima deste exercicio é de 25 puntos. Para superar esta proba é necesario acadar un mínimo de 12,50 puntos. Cada resposta correcta puntuarase con 0,50 puntos. As respostas en branco non puntuarán. Por cada resposta incorrecta descontaranse 0,17 puntos.

2º EXERCICIO:

Consistirá na resolución de un ou varios supostos prácticos, relacionados coa Parte Específica do temario que figura no Anexo II desta convocatoria.

O tempo máximo de realización deste exercicio será de 120 minutos.

A cualificación máxima deste exercicio é de 35 puntos, sendo necesario acadar unha puntuación mínima de 17,50 puntos para superalo.

Para a realización deste exercicio as persoas aspirantes non poderán utilizar documento ningún de consulta nin outros medios dixitais ou telemáticos.

3º EXERCICIO:

- Proba de galego: de carácter obrigatorio e eliminatorio. Tal e como establece o art. 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, para lle dar cumprimento á normalización do idioma galego na Administración pública de Galicia e para garantir os dereitos das administradas e administrados ao uso do galego nas relacións coa Administración pública no ámbito da comunidade autónoma, e a promoción do uso normal do galego por parte dos poderes públicos de Galicia, que determina o artigo 6.3º da Lei de normalización lingüística, nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais de Galicia incluírase un exame de galego, agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

- Este exercicio terá unha cualificación de Apto/Non Apto, quedando exentos da realización deste aqueles aspirantes que acrediten a titulación de nivel Celga 4, de perfeccionamento da lingua galega ou equivalente.
- A proba de coñecemento da lingua galega consistirá na tradución escrita (sen apoio documental, dicionario, etc.) de castelán ao galego normativo, dun texto facilitado polo Tribunal. Este exercicio terá unha duración máxima de 30 minutos.

8ª.- LISTAXE DE APROBADOS E ACHEGA DE DOCUMENTOS POLOS/AS ASPIRANTES PROPOSTOS/AS POLO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

A relación de aprobados/as, publicada no taboleiro de edictos da Casa do Concello e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Betanzos <https://sede.betanzos.gal>, conterá unha advertencia recordándolles aos opositores propostos que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpran os requisitos esixidos para o ingreso na función pública local e para a praza convocada.

O/a aspirante proposto/a achegará dentro do prazo de vinte (20) días naturais, contados desde a publicación da relación de aprobados/as, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria:

— Título oficial esixido para o ingreso, e, no seu defecto, xustificante de ter efectuado o depósito para obtelo (no caso de titulacións expedidas por organismos estranxeiros deberá achegarse a certificación do Ministerio con competencias en materia de educación en que se faga constar a súa equivalencia coa esixida para o acceso).

— Certificado médico oficial sobre o estado de saúde que acredite que a persoa aspirante non padece enfermidade nin está afectada por limitación incompatible coas funcións a desempeñar, sen prexuízo da posibilidade de posterior recoñecemento.

— Para cidadáns con nacionalidade española: declaración xurada de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou órgano constitucional ou estatutario das Comunidades autónomas, nin de encontrarse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso a corpo ou escala de funcionario ao que pertence a praza. E no caso de cidadáns con nacionalidade distinta da española: declaración xurada de non encontrarse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado da súa nacionalidade, nos mesmos termos o acceso ao emprego público que no Estado español.

— Tarxeta sanitaria ou documento da Seguridade Social onde conste o correspondente número de afiliación.

— Certificado da conta bancaria.

— Impreso no modelo oficial do IRPF relativo ás retencións sobre os rendementos do traballo, comunicación de datos do pagador.

Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos esixidos o/a aspirante poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

No caso de non presentase a documentación esixida dentro do prazo fixado, agás causa de forza maior, non poderá ser nomeado/a funcionario/a de carreira nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún dos requisitos esixidos.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

O/a aspirante proposto/a que tivesen a condición de funcionario/a público/a estarán exentos de xustificar as condicións e requisitos xa acreditados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar soamente unha certificación acreditativa da súa condición de funcionarios/as e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Se dentro do prazo indicado o/a aspirante proposto/a non presentase a documentación ou non reunise os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado/a, sen prexuízo das responsabilidades en que poidan incurrir por falsidade.

Sempre que os tribunais de selección propoñan o nomeamento de igual número de persoas aprobadas que o de prazas convocadas, e co fin de asegurar a súa cobertura, cando se produzan renuncias das persoas seleccionadas antes do seu nomeamento ou toma de posesión, ou non acrediten os requisitos establecidos na convocatoria, a Alcaldesa poderá requirir do tribunal de selección unha relación complementaria das persoas aprobadas que sigan ás persoas propostas, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira.

9ª.- NOMEAMENTO DO/A FUNCIONARIO/A E TOMA DE POSESIÓN

Concluído o proceso selectivo, o/a aspirante proposto/a, que en ningún caso poderán exceder o número das prazas convocadas, será nomeado/a funcionario/a de carreira pola Alcaldesa e unha vez xustificado documentalmente o cumprimento dos requisitos esixidos para o ingreso.

Os nomeamentos efectuados publicaranse no BOP da Coruña sen prexuízo da súa toma de posesión unha vez practicada a notificación persoal do nomeamento.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo dun mes, contado dende o día seguinte á notificación do nomeamento; previamente deberán prometer ou xurar o cargo na forma establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril.

De non tomar posesión no prazo indicado o/a nomeado/a quedarán na situación de cesante, a non ser que presente causa xustificada que deberá ser alegada e aceptada.

Na convocatoria de selección de persoal derivada destas bases, se as persoas nomeadas funcionarias de carreira solicitan excedencia sen dereito a reserva de posto no momento da toma de posesión, poderase proceder a adxudicar as prazas e destinos que deixen vacantes. Para ese efecto utilizarase a proposta de nomeamento complementaria de persoal funcionario de carreira realizada polo Tribunal Calificador

10ª.- FORMACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO

1. Mediante Resolución da Alcaldía determinarase a lista definitiva de aprobados/as e orde definitiva dos/as integrantes da Bolsa de Emprego, por orde da puntuación total obtida no proceso selectivo polos distintos aspirantes, e será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Betanzos (<https://sede.betanzos.gal>).

En caso de empate na puntuación total, terá prioridade a persoa candidata que obtivese maior puntuación no primeiro exercicio do proceso selectivo, e de persistir este quen obtivese maior puntuación no segundo exercicio. Se aínda persiste o empate decidirase por sorteo público.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

A Bolsa de Emprego en cada categoría que se creará coa presente convocatoria terá unha vixencia de 3 anos dende a publicación das listas definitivas de candidatos/as aprobados/as, e os/as candidatos/as que pasen a formar parte desta non ostentarán dereito ningún ao nomeamento.

2. Os procedementos específicos para o nomeamento do persoal funcionario interino por programa seleccionado no suposto de baixas, vacacións, permisos ou circunstancias similares do persoal; ou para atender a acumulación de tarefas, programas temporais, ou servizos estacionais urxentes que non poidan prestarse co persoal existente, realizaranse conforme aos seguintes trámites:

a) Informe do/a xefe/a de servizo ou sección ou do/a concelleiro/a do área, xustificando as circunstancias e as necesidades de persoal.

b) Informes xurídico de Secretaría e informe de fiscalización e existencia de crédito de Intervención.

c) Resolución da Alcaldía acordando o nomeamento do/a candidato/a que ocupe o primeiro lugar da lista, agás que renuncie ou non conteste, suposto no que se nomeará ao seguinte candidato da Bolsa de Emprego, pasando este ao último lugar da lista; e así sucesivamente.

d) Os chamamentos dos/as aspirantes efectuaranse pola orde na que estes figuran na lista de substitución, a través de SMS, correo electrónico ou chamada telefónica, entre as 09:00 h e as 14:00 h do seguinte día hábil posterior a que se dite a Resolución da Alcaldía que acorde o nomeamento do/a candidato/a, deixando constancia fidedigna de cada chamamento. A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que os/as aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación nos procesos, ou en comunicación posterior presentada no rexistro municipal, os datos correctos necesarios (número de teléfono e dirección de correo electrónico). Se algún/algunha candidato/a non contesta seguirase chamando aos seguintes da listaxe coa finalidade de axilizar e non paralizar o proceso de contratación, tendo en conta que se durante esa xornada a persoa coa que non se deu contacto se pon en contacto co Concello ten dereito a ser contratado, doutro xeito pasará ao final do listado. A aceptación da oferta, efectuarase por vía telefónica, antes das 12:00 h do primeiro día hábil seguinte ao do chamamento. Transcorrido dito prazo sen que se produza a aceptación, entenderase rexeitada. A incorporación ao traballo, deberá producirse no prazo que se indique na comunicación. A renuncia é obrigatoria sendo válida por correo electrónico ou calquera outro medio no que quede constancia no concello.

e) Toma de posesión polo período que dure a substitución de persoal, ou os servizos temporais ou estacionais urxentes, persoal existente, conforme o RDL 5/2015 polo que se aproba o texto refundido do estatuto básico do empregado público

3. A renuncia a unha oferta sen motivo xustificado suporá que o/a candidato/a pase ao último lugar da bolsa de emprego. A renuncia a dúas ofertas sen xustificar será causa de expulsión da bolsa de emprego. Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o/a candidato/a ao último lugar da lista, e quedará na mesma posición da lista, as seguintes:

a) Estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou Libro de familia.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

- b) Estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.
- c) Falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado médico.
- d) Outras causas similares as anteriores debidamente xustificadas.
- e) Estar en situación de emprego activo temporal e non escoller cambiar de posto de traballo. Neste caso causará baixa temporal na listaxe e será súa a responsabilidade de xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego.

A presentación da documentación acreditativa de calquera das anteriores circunstancias efectuarase no prazo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación do chamamento efectuado polo Concello.

5. Son causas de exclusión da bolsa de emprego as seguintes:

- a) Ter sido separado/a do servizo mediante expediente disciplinario sempre que exista unha resolución definitiva.
- b) A non superación do período de proba. No caberá esixir este período de proba cando o/a traballador/a xa desempeñará as mesmas funcións con anterioridade.
- c) Ter sido despedido/a polo Concello de Betanzos.

12ª.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As bases desta convocatoria vinculan á Administración municipal, ao tribunal cualificador e aos/as aspirantes que participen no presente proceso selectivo convocado.

13ª.- INCIDENCIAS

O tribunal do proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación; para estes efectos poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

14ª.- RÉXIME XURÍDICO

A realización das probas selectivas axustarase ao establecido nas presentes bases, así como ao disposto na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local; Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; a Lei 2/2015,



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

de 29 de abril, do emprego público de Galicia; Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal ó servizo da Administración autonómica de Galicia; o Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da administración xeral do Estado; e demais disposicións que resulten de aplicación.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ANEXO-I: MODELO DE INSTANCIA

I. D/D^a con D.N.I. n.º
 con domicilio en rúa
 n.º piso C.P.
 Tlf. correo electrónico

Persoa con discapacidade (indíquese o que proceda):

☐ NON

☐ SI. Grao de discapacidade %.

Neste caso indíquese si precisa adaptación das probas:

☐ Non.

☐ Si. Neste caso describa en documento á parte as adaptacións que solicita.

II. Tendo coñecemento da convocatoria para a selección dun/ha Técnico/a de igualdade, por acceso libre (concurso-oposición), e considerando cumprir todos os requisitos esixidos nas bases publicadas no B.O.P. n.º de data: , que declara coñecer e aceptar.

1º) **SOLICITO**, tomar parte no devandito procedemento selectivo.

2º) **DECLARO**, que son certos todos os datos consignados nesta solicitude e que reúne todos e cada un dos requisitos necesarios para participar nos procesos selectivos convocados polas administracións públicas e os sinalados nas bases que rexen este procedemento.

3º) Estou en posesión do CELGA 4 ou documento equivalente (marque o que proceda):

☐ Sí

☐ NON

4º) **ACHEGO copia** dos seguintes documentos (marcar cun x o que corresponda):

☐ De ser o caso, certificación de ter un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% expedida pola administración correspondente e certificación acreditativa da súa compatibilidade co posto de traballo.

5º) LINGUA DO EXAME:

Castelán ☐

Galego ☐

Lugar, data e sinatura.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

ANEXO II: TEMARIO XERAL E ESPECÍFICO:

TEMA 1.- A Constitución Española de 1978: os dereitos fundamentais e ás liberdades públicas.

TEMA 2.- A Constitución Española: a organización territorial do Estado. Réxime de competencias.

TEMA 3.- A Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido.

TEMA 4.- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Disposicións xerais. O municipio. Elementos. Territorio e poboación. Organización.

TEMA 5.- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Disposicións xerais. O municipio. Territorio. Competencias. Os réximes municipais especiais. Outras entidades locais: áreas metropolitanas, mancomunidades de municipios, consorcios locais.

TEMA 6.- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia. Outras entidades locais: Áreas metropolitanas. Mancomunidades de municipios. Consorcios locais. Entidades locais menores. As agrupacións de municipios. A Federación Galega de Municipios e Provincias.

TEMA 7.- A Unión Europea: A Comisión. O Consello. A Asemblea. O Parlamento Europeo. O Tribunal de Xustiza. O Consello europeo

TEMA 8.- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. A capacidade de obrar e o concepto de interesado. Identificación e firma dos interesados no procedemento administrativo. A actividade das Administracións Públicas. Normas xerais de actuación. Dereitos das persoas nas súas relacións coas Administracións Públicas. Dereito e obrigação de relacionarse electronicamente coas administracións públicas. Linguas dos procedementos. Rexistros. Colaboración e comparecencia das persoas. Responsabilidade da tramitación. Dos actos administrativos. Concepto e clases. Elementos. Requisitos dos actos administrativos. Eficacia dos actos. A notificación. Nulidade e anulabilidade

TEMA 9.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. O procedemento administrativo: iniciación, ordenación, instrución e terminación.

TEMA 10.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Finalización do procedemento: a obriga de resolver. O silencio administrativo.

TEMA 11.- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Recursos administrativos. Principios xerais. Obxecto e clases. Normas xerais dos recursos administrativos. Recurso de alzada. Recurso de reposición. Recurso extraordinario de revisión. A suspensión da execución do acto percorrido

TEMA 12.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Título Preliminar: Disposicións xerais. A Administración Xeral do Estado. Organización e funcionamento do sector público institucional. Relacións interadministrativas.

PARTE ESPECÍFICA

TEMA 13.- Principios xerais e finalidade da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia: a igualdade como dereito fundamental. Finalidade, principios reitores e ámbito de aplicación. Interpretación da normativa desde a perspectiva de xénero. Papel das comisións parlamentarias en materia de igualdade.

TEMA 14.- Tipoloxía da discriminación por razón de sexo: concepto, clasificación e protección xurídica. Discriminación directa, indirecta, múltiple e interseccional. Acoso sexual e acoso por



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

razón de sexo. Discriminación por maternidade, conciliación, asociación, erro e represalia. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia

TEMA 15.- Integración da perspectiva de xénero na acción administrativa rexional. Perspectiva de xénero en normativas, plans, estatísticas e orzamentos. Informes de impacto de xénero. Plan estratéxico para a igualdade de oportunidades. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia

TEMA 16.- Uso dunha linguaxe non sexista e unha imaxe pública igualitaria. Linguaxe institucional e social libre de sexismo. Imaxe igualitaria na comunicación institucional e nos medios de comunicación. Publicidade e contidos audiovisuais con perspectiva de xénero. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia

TEMA 17.- A igualdade na educación: do currículo á formación profesional e universitaria. Currículo educativo e formación do profesorado. A igualdade na formación profesional e no ensino superior. A educación non formal en igualdade. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia

TEMA 18.- Políticas públicas sectoriais con perspectiva de xénero: igualdade de xénero en saúde, medio ambiente, mobilidade, turismo, cultura, deporte, dixitalización, cooperación e acción exterior. Mulleres e desenvolvemento rural e marítimo-pesqueiro. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia

TEMA 19.- Protección das mulleres en situacións de especial vulnerabilidade: mulleres con discapacidade, migrantes, refuxiadas, mulleres LGBT, anciáns, menores e persoas en situación de trata ou prostitución. Erradicación da pobreza cunha perspectiva de xénero. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia

TEMA 20.- Igualdade no emprego e nas relacións laborais en Galicia: Igualdade no mercado laboral, conciliación da vida laboral e persoal e benestar no traballo. Plans de igualdade nas empresas, teletraballo e formación. Igualdade na negociación colectiva e nos sectores feminizados. Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia

TEMA 21.- A Lei orgánica 10/2022, de 6 de setembro, de garantía integral da liberdade sexual.

TEMA 22.- Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación. Obxecto e ámbito de aplicación, disposicións xerais e dereitos a igualdade

TEMA 23.- Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación. Defensa e promoción do dereito a igualdade de trato e non discriminación

TEMA 24.- Lei 15/2022, do 12 de xullo, integral para a igualdade de trato e a non discriminación. Atención, apoio e información as vítimas da discriminación e intolerancia.

TEMA 25.- Diversidade sexual: orientación sexual, identidades de xénero e identidades sexuais. Diversas nocións de identidade. "Identidade" e "Identidade de Xénero".

TEMA 26.- A Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI.. Disposicións xerais e actuacións dos poderes públicos.

TEMA 27.- A Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGTBI.. Medidas para a igualdade real e efectiva das persoas tras e protección efectiva e reparación fronte a discriminación e a violencia por LGTBIfobia

TEMA 28.- A Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

TEMA 29.- Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia. Disposicións xerais e dereitos dos nenos, nenas e adolescentes fronte a violencia

TEMA 30.- Lei Orgánica 8/2021, de 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia. Deber de comunicación, sensibilización, prevención de detección precoz.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

TEMA 31.- Lei 13/2008. do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia: principios xerais e obxecto da lei. Estrutura dos servizos sociais en Galicia. Servizos sociais comunitarios básicos. Servizos sociais comunitarios especializados.

TEMA 32.- A inclusión social das mulleres en situación de especial vulnerabilidade

TEMA 33.- Muller e Mercado de traballo. Delimitación conceptual. Principais características e indicadores. Incremento da participación feminina no mercado laboral nas últimas décadas. Segmentación e segregación segundo xénero. Desigualdades salariais das mulleres no mercado de traballo. Causas económicas relevantes e posibilidades de reversión desa desigualdade. Crise actual e situación das mulleres no mercado laboral

TEMA 34.- Traballo remunerado e non remunerado. Segregación sexual do mercado laboral, fenda salarial, teito de cristal.

TEMA 35.- O sistema sexo – xénero. Patriarcado e sistema androcéntrico. Socialización de xénero. Roles, estereotipos, normas e relacións de xénero.

TEMA 36.- Protección contra a discriminación e o acoso por razón de sexo. Tipos de discriminación: directa e indirecta. Acoso sexual e acoso por razón de sexo. Discriminación e protección xurídica por embarazo ou maternidade. Discriminación múltiple. A Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

TEMA 37.- A igualdade como principio xurídico. O principio de igualdade na Constitución española. A Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

TEMA 38.- Igualdade no lugar de traballo e conciliación da vida laboral e persoal. Igualdade no acceso ao emprego, á formación, á promoción e ás condicións de traballo, programas de mellora da empregabilidade e negociación colectiva, dereitos e medidas para conciliar a vida laboral, familiar e persoal.. A Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

TEMA 39.- Políticas públicas de igualdade de xénero no ámbito local: Modelo e evolución dos enfoques de intervención. Transversalidade do principio de igualdade en todas as políticas públicas A Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

TEMA 40.- Plans de igualdade nas empresas e no emprego público. Desenvolvemento, contido e implementación de plans de igualdade nas empresas. Medidas específicas contra o acoso laboral. A igualdade no emprego público: criterios, medidas e formación A Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

TEMA 41.- O Real Decreto-lei 6/2019, de 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación.

TEMA 42.- O III Plan Estratéxico para a igualdade efectiva de mulleres e homes 2022-2025 (PEIEMH).

TEMA 43.- O VIII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2022-2027.

TEMA 44.- Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento

TEMA 45.- Os Plans municipais de igualdade de oportunidades. Contido, estrutura, fins e proceso de elaboración.

TEMA 46.- Plan de Igualdade do Concello de Betanzos: 2023-2026.

TEMA 47.- Avaliación das políticas de igualdade entre mulleres e homes. Indicadores no deseño e na avaliación de programas. Preavaliación da incidencia, segundo o xénero.



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

TEMA 48.- A figura do axente de igualdade no eido local. Ámbitos de actividade, perfil e funcións. Principios de actuación, funcións, obxectivos e recursos dun Centro de Información ás Mulleres. Requisitos para o seu recoñecemento e acreditación.

TEMA 49.- Servizos e recursos fronte á violencia de xénero a nivel estatal, autonómico o local. Protocolo de coordinación e cooperación fronte á violencia de xénero na comunidade autónoma de Galicia.

TEMA 50.- Sistemas de xénero e protección social: subvencións, pensións, beneficios sociais. Axudas e subvencións da Xunta de Galicia a entidades locais para a promoción da igualdade.

TEMA 51.- A Violencia de xénero: Delimitación conceptual e xurídica.

TEMA 52.- Tipos de violencia cara as mulleres. O ciclo da violencia de xénero. A escalada da violencia.

TEMA 53.- Mitos e realidades da violencia contra as mulleres. Consecuencias e efectos do maltrato contra as mulleres a nivel de saúde, familiar e laboral

TEMA 54.- A prevención da violencia de xénero. A prevención primaria da violencia de xénero: A educación en valores no ámbito educativo. A sensibilización e concienciación da cidadanía

TEMA 55.- A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.

TEMA 56.- A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

TEMA 57.- A muller no medio rural. Problemática especial.

TEMA 58.- Muller e Poder. Liderado e participación social e política das mulleres.

TEMA 59.- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Disposicións xerais. Principios da protección de datos. Dereitos das persoas. Responsable e encargado do tratamento de datos. Réxime sancionador. Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Transparencia da actividade pública.

TEMA 60.- Prevención de riscos laborais: dereitos e obrigacións dos traballadores en materia de seguridade e saúde no traballo. Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia: Uso oficial do galego. A Ordenanza para o impulso da lingua galega no Concello de Betanzos.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ANEXO-III: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE:

D./D^a _____ con DNI _____, e
endereço en _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1. Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas.
2. Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
3. Non estar incurso en causa de incompatibilidade para o posto.

Lugar, data e sinatura.



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ANEXO-IV: AUTOBAREMO DOS MÉRITOS

AUTOBAREMO

1.EXPERIENCIA PROFESIONAL (ata 24 puntos)			
CONCEPTO (Posto, entidadeE...)	PERÍODO	DURACIÓN	PUNTOS
1.1			
1.2.			
1.3			
1.4			
1.5			
1.6			
1.7			
1.8			
1.9			
		TOTAL	

2. FORMACIÓN ACADEMICA (ata 16 puntos)			
CONCEPTO (título, entidade que a imparte...)	DATA DE FINALIZACIÓN	DURACIÓN	PUNTOS
2.1			
2.2.			
2.3			
2.4			
2.5			
2.6			
2.7			
2.8			
2.9			
		TOTAL	

OBSERVACIÓNS: